

Sementeira do orballo é a primeira escolma de poemas de Luís Chapela Bermúdez. A súa traxectoria é a de alguén que non ten paraxe. O traballo levouno ó mar. Xa fora dende terra cando andaba á ardora como dende travesías más longas coma as propias da marina mercante. Conta que sempre lle gustou escribir. Que houbo momentos de paréntese e outros más axeitados para facelo. As numerosas colaboracións coas publicacións do Morrazo proban as súas inquietudes. Amás cabe destacar labor de recuperación da memoria oral que realiza coas persoas más maiores das aldeas da comarca.

Agora amósanos os seus poemas. "Este é un libro feito na casa". Refírese así á publicación pola colaboración dós seus fillos durante o proceso. Sementeira de orballo divídese segundo a temática dos poemas: poemas do mar, da terra, da vida e do amor.

Mans

Mans que cheiran a salitre,
que arrastran polo aparello,
que enchen as caixas de peixe,
que cosen e remandan redes.

Mans que buscan croques,
que turran polo sacho e dánlle volta á area,
que recollen esterco nas praias,
que recuperan a riqueza do mar en sacos e caldeiros.

Mans que apertan remos contra toletes
que rastrexan e escollen o camarón,
que descabezan polbos,
que asentan as nasas na popa do barco.

Mans que procuran alimento,
que collen un cativo no colo,
que saben pousarse na meixela dunha muller,
que saúdan e cerran tratos,
que pertencen ó mar de Moaña.


Mar de fartura

Cando chega o outono o mar de Tirán esperta
alumeado cos fachos das gamelas.

Todas amontoadas fronte ós olmos do Igresario,
resoan os angazos caendo no mar.

Van tirando da vara os mariñeiros,
na procura de procura de berberechos, ameixa babosa e fina.
Tamén caen no mar as follas vencidas pola brisa fresca da mañá.

As torcas cantan á cegada do día
e comen con fame as boliñas negras dos loureiros.
Non hai dúbida logo, chegou o outono a Tirán.



Portada do poemario

Redeiras

O aire traia o recendo da terra mollada
polo neboeiro que sube desde o mar , e as
mulleres baixan polo camiño de pedras e lama
entre velllos carballos que chegan a praia .

Sentan no pequeno peirao do lazareto e
lentamente van pasando polas súas mans
as redes rotas da ultima noite de pesca .

Van cocendo os aparellos coma si os mares
todos estiveran nas súas mans , o mover a rede ,
esta libera as pingas do océano , que o sol fai brillar .

Son mulleres redeiras , que fan un traballo artesán
herdado de outras mulleres , sempre envoltas no frío ,
na soildade do pequeno peirao coas mans cortadas e
cheirando a salitre .

Verán 2012 , Tirán

Bágoas salgadas

O ceo se cabreou con todo , o sol exiliado baila sen parar
o ritmo de unha nova festa e ata as estrelas foron
de troula procurando abrazar esperanzas e paixóns .

Memorias podres que o océano as vomita sen medo
con espuma de delirios batendo na praia de areas brancas ,
baixo o calor dun calor maldito e insultante .

Ala abaixno no con fin dos espíritos das casas encantadas ,
a xente camiña buscando miradas limpas e un sorriso
que cheire a mimosas e a loureiro por toda a ría .

Pecho os ollos mentres agardo pola madrugada e
con voz rebelde , grito a todo , o pasado , o futuro
os soños que case sempre falan da alma e da vida .

De novo verei as gamelas entrando no mar de fora ,
cheo de escuridade e de mariñeiros afeitos a noite
con bagoas salgadas que as veces verteron en silencio.

Primavera 2012 , Tirán